

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 7 DE MARZO DE 2025 QUE REGULA O EXERCICIO DOS DEREITOS ELECTORAIS DO PERSOAL TÉCNICO, DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NAS ELECCIÓNS Á XUNTA DE PERSOAL DO 27 DE MARZO DE 2025

Convocadas eleccións a Xunta de Persoal funcionario técnico, de xestión e de administración e servizos para o vindeiro día 27 de marzo de 2025, e co obxecto de regular e facilitar o exercicio dos dereitos e deberes do persoal funcionario de administración e servizos desta Universidade que participe directamente na súa organización e desenvolvemento

Ao abeiro do previsto nos artigos 28, 76 e 78 da *Lei orgánica 5/1985*, do 19 de xuño, *do réxime electoral xeral* e de conformidade coas facultades que lle confire a *Lei orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, *do sistema universitario* e os Estatutos da Universidade de Vigo,

### ESTA REITORÍA RESOLVEU:

**Primeiro.** O persoal que forme parte como presidenta/e ou vogal de mesas electorais e quen acredite a condición de interventor/a terá dereito a un permiso retribuído que comprenderá o día da votación e o día laborable inmediatamente posterior ao da votación. O persoal que acredite a condición de apoderada/o terá dereito a un permiso retribuído o día da votación.

**Segundo.** As xefas e xefes ou responsables das unidades respectivas requirirán os oportunos xustificantes ao persoal que faga uso do previsto nesta resolución.

Vigo, 7 de marzo de 2025

O REITOR,

